



Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación – GAIN e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria – AGACAL para a promoción de actividades de I+D+I nos centros de investigación dependentes e adscritos á AGACAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Antonio Portos Mouriño, xefe da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria, por delegación (28/08/2019) de Manuel Rodríguez Vázquez, director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, **DECLARA:**

Que esta axencia ten previsto formalizar coa Axencia Galega de Innovación – GAIN o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo de que as actuacións obxecto do mesmo xa se iniciasen o 1 de xaneiro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Axencia da Calidade Alimentaria de Galicia para a promoción de actividades de I+D+i nos centros de investigación dependentes e adscritos a AGACAL a través do desenvolvemento de programas de I+D+i. Estes programas son un instrumento para canalizar o apoio financeiro dirixido á consolidación dos centros de coñecemento do sistema galego de I+D+i en función do cumprimento de obxectivos previamente establecidos na procura dunha investigación de excelencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que GAIN é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen á mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.





Que AGACAL é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos.

Que os estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (artigo 10 – Funcións en materia de investigación) atribúen á mesma, as seguintes funcións: determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia; impulsar as actividades de I+D+i nos sectores agrario e alimentario de Galicia; asesorar á consellería de Medio Rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria; promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais; e propiciar e facilitar a transferencia e adopción dos resultados obtidos nas investigacións en virtude do establecido na Lei 2/2005, de 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Que, tendo en conta o anterior, a Axencia Galega de Innovación e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria consideran prioritario a promoción de actividades de I+D+i nos centros de investigación dependentes e adscritos a AGACAL. Froito deste interese común, as partes acordan a celebración do presente acordo de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela,

